

DIÁLOGOS AVANT GARDE

CURSO EN LIÑA DE MODA E ARTE CONTEMPORÁNEA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 20 de febreiro ao 12 de marzo de 2024

HORARIO: martes de 19:00 a 20:30 h

DIRECCIÓN: Blanca Paula Rodríguez Garabatos

Tanto a moda coma a arte reflexionan sobre a realidade mediante unha representación. A interacción entre estas dúas disciplinas é frecuente, de maneira que unhas veces a moda imita a arte en tanto que outras é a arte a que imita a moda.


Desde finais do século XIX e ata o século XXI foron moitos os artistas e *couturiers* que marcaron a diferenza con respecto á estética dominante. A comezos do século XX, cos movementos vangardistas, empezan a diluírse as fronteiras entre moda e arte, xa que a alta costura e o deseño comezan a traballar coas mesmas técnicas e enfoques que se usaban nas prácticas artísticas. As vangardas históricas contribuíron a que arte e moda rompesen cos moldes tradicionais propugnando unha nova linguaxe expresiva que dotou de maior liberdade os creadores e creadoras de ambas as disciplinas. Ao longo das sesións deste monográfico, veremos como, daquela e agora, as deseñadoras e deseñadores de moda propugnan a busca dunha nova linguaxe de creación que pretende satisfacer tanto o desexo de distinción coma as ansias de consumo.

As interaccións entre moda e arte exemplificaranse a través dos vestidos de grandes modistas como Madeleine Vionnet e, máis recentemente, John Galliano, Alexander McQueen ou Dolce & Gabbana, que souberon plasmar e reinterpretar a estética e o espírito rompedor dalgúns *ismos* das artes plásticas: o impresionismo, o simbolismo, o futurismo ou o surrealismo.

Finalmente, nun camiño de ida e volta, consignaremos a intención das e dos creadores de alta costura de elevar a consideración do vestido á categoría de obra de arte que poida, incluso, admirarse nos museos.

PROGRAMA

- 20 febreiro As luces do impresionismo: Sorolla, Sargent, Monet...
- 27 febreiro A reforma do vestido: Klimt, a Secession... Galliano
- 5 marzo Figuras pioneiras da moda futurista: Vionnet, Cardin e Courreges
- 12 marzo Alexander McQueen: un monstro vén verme



Marcel Duchamp: *Nu descendant un escalier n°2*, 1912
Gjon Mili: *Nude Descending a Staircase (Homenage to Marcel Duchamp)*, 1949

Tanto la moda como el arte reflexionan acerca de la realidad mediante una representación. La interacción entre estas dos disciplinas es frecuente, de manera que unas veces la moda imita al arte en tanto que otras es el arte el que imita a la moda.

Desde finales del siglo XIX y hasta el siglo XXI han sido muchos los artistas y *couturiers* que han marcado la diferencia respecto a la estética dominante. A comienzos del siglo XX, con los movimientos vanguardistas, empiezan a diluirse las fronteras entre moda y arte ya que la alta costura y el diseño comienzan a trabajar con las mismas técnicas y enfoques que se usaban en las prácticas artísticas. Las vanguardias históricas contribuyeron a que arte y moda rompieran con los moldes tradicionales propugnando un nuevo lenguaje expresivo que dotó de mayor libertad a los creadores de ambas disciplinas. A lo largo de las sesiones de este monográfico, veremos cómo, entonces y ahora, las diseñadoras y diseñadores de moda propugnan la búsqueda de un nuevo lenguaje de creación que pretende satisfacer tanto el deseo de distinción como las ansias de consumo.

Las interacciones entre moda y arte se ejemplificarán a través de los vestidos de grandes modistas como Madeleine Vionnet y, más recientemente, John Galliano, Alexander McQueen o Dolce & Gabbana, quienes han sabido plasmar y reinterpretar la estética y el espíritu rompedor de algunos *ismos* de las artes plásticas: el impresionismo, el simbolismo, el futurismo o el surrealismo.

Finalmente, en un camino de ida y vuelta, consignaremos la intención de las y los creadores de alta costura, de elevar la consideración del vestido a la categoría obra de arte que pueda, incluso, admirarse en los museos.

PROGRAMA

- 20 febrero Las luces del impresionismo: Sorolla, Sargent, Monet...
- 27 febrero La reforma del vestido: Klimt, la Secession... Galliano
- 5 marzo Figuras pioneras de la moda futurista: Vionnet, Cardin y Courreges
- 12 marzo Alexander McQueen: un monstruo viene a verme

BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS (Santiago de Compostela, 1973) é catedrática en Xeografía e Historia, investigadora e docente. Licenciouse en Dereito e Historia, na especialidade de Historia Contemporánea e Estudos Americanos, pola USC e é doutora en Estudos Literarios pola Universidade da Coruña, cunha tese titulada “Moda de la *belle époque* e indumentaria en la obra de Emilia Pardo Bazán”. Impartiu conferencias sobre moda en diferentes seminarios da Universidade da Coruña e participou na Fashion and Design Conference, realizada recentemente na Escola de Deseño Têxtil e Moda de Galicia (Esdemga) en Pontevedra. En 2021 dirixiu o curso *Vestindo a época. A moda, a oitava arte*, organizado polo CGAC. Ademais, é autora dos libros *Emilia Pardo Bazán y la moda* e *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo*, publicados ambos por Hércules de Ediciones. Colabora de maneira habitual coas revistas de cine *Versión original* e *Iconica*, e é autora de diversos artigos sobre as relacións entre a moda, a literatura e a arte en publicacións como *Tropelías*, *Boletín galego de literatura*, *DeSignis*, *Cuadernos hispanoamericanos* ou *La tribuna*.

BLANCA PAULA RODRÍGUEZ GARABATOS (Santiago de Compostela, 1973) es catedrática en Geografía e Historia, investigadora y docente. Se licenció en Derecho e Historia, en la especialidad de Historia Contemporánea y Estudios Americanos, por la USC y es doctora en Estudios Literarios por la Universidad de A Coruña, con una tesis titulada “Moda de la *belle époque* e indumentaria en la obra de Emilia Pardo Bazán”. Ha impartido conferencias sobre moda en diferentes seminarios de la Universidad de A Coruña y participó en la Fashion and Design Conference, celebrada recientemente en la Escuela de Diseño Textil y Moda de Galicia (Esdemga) en Pontevedra. En 2021 dirigió el curso *Vistiendo la época. La moda, el octavo arte*, organizado por el CGAC. Además, es autora de los libros *Emilia Pardo Bazán y la moda* y *Emilia Pardo Bazán: visiones del dandismo*, publicados ambos por Hércules de Ediciones. Colabora de manera habitual con las revistas de cine *Versión original* e *Iconica*, y es autora de diversos artículos sobre las relaciones entre la moda, la literatura y el arte en publicaciones como *Tropelías*, *Boletín galego de literatura*, *DeSignis*, *Cuadernos hispanoamericanos* o *La tribuna*.

PERSOAS DESTINATARIAS: Persoas interesadas na historia da moda e na historia da arte

INSCRIPCIÓN: O prazo de inscrición está aberto desde o 11 de decembro de 2023 ata o 15 de febreiro de 2024. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal na que deberán indicar o seu nome e apelidos, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un teléfono de contacto.

Unha vez que se acepte a solicitude, as persoas inscritas recibirán información sobre como realizar o pagamento e sobre como conectarse ás sesións en liña.

PRAZAS: 100

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: O CGAC expediralles un certificado de aproveitamento a todas aquelas persoas que participen, como mínimo, no 70 % das sesións.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

PERSONAS DESTINATARIAS: Personas interesadas en la historia de la moda y en la historia del arte

INSCRIPCIÓN: El plazo de inscripción está abierto desde el 11 de diciembre de 2023 hasta el 15 de febrero de 2024. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal en el que deberán indicar su nombre y apellidos, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un teléfono de contacto.

Una vez aceptada la solicitud, se informará a las personas inscritas sobre cómo realizar el pago y sobre cómo conectarse a las sesiones en línea.

PLAZAS: 100

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC expedirá un certificado de aprovechamiento a todas aquellas personas que participen, como mínimo, en el 70 % de las sesiones.

COORDINACIÓN: Virginia Villar



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31

cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal